

Carballedo, 1 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 0352

A FONSAGRADA

Anuncio

CONTRATO DE ARRENDAMENTO DE PARCELA PARA APARCAMENTO MUNICIPAL EN A FONSAGRADA

De conformidade co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, por Decreto de Alcaldía de data 6 de febreiro de 2019, aprobáronse as bases para a concertación do CONTRATO DE ARRENDAMENTO DE PARCELA PARA APARCAMENTO MUNICIPAL EN A FONSAGRADA. As precitadas bases, expóranse ao público no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello <http://www.es.afonsagrada.org/>, polo prazo de 10 días hábiles –que empezará a contarse dende o seguinte ó da súa publicación-, a fin de que durante o devandito prazo, se poidan presentar as propostas que se consideren pertinentes. A súa presentación suporá a aceptación incondicionada do contido da totalidade do prego de cláusulas administrativas, así como do prego de prescricións técnicas, sen excepción ou reserva algunha.

A Fonsagrada, 07 de febreiro de 2019. – O ALCALDE, Argelio Fernández Queipo.

R. 0392

PARADELA

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018-PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

O Concello de Paradelas, aprobou por Resolución da Alcaldía de data 25 de xaneiro de 2019, as seguintes bases para a selección de persoal laboral temporal, para 3 postos de peóns obras públicas, no marco do “PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO”

“BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (3 PEÓNIS OBRAS PÚBLICAS) NO CONCELLO DE PARADELA AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018-“ PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO”.

1.-OBJECTO DA CONVOCATORIA

1.1. Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases e a correspondente convocatoria, a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de concurso-oposición de **TRES (3) PEÓNIS OBRAS PÚBLICAS**, para a contratación de persoal laboral temporal ao abeiro do Programa Fomento do Emprego de conformidade co Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018.

Esta colaboración materialízase a través da achega económica por parte da Deputación Provincial de Lugo dos custes salariais e da Seguridade Social dos traballadores contratados.

Visto que a Lei 6/2018, de 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 prorrogada para 2019, dispón no seu artigo 19 dous, que “non se procederá á contratación de persoal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables”

Tendo en conta as tarefas que desenvolverá o persoal que se contrate ao abeiro deste programa, non cabe dúbida que se encadran en servizos públicos esenciais, que corresponderán ao acondicionamento, mantemento e limpeza de accesos a núcleos de poboación, camiños e vías municipais, limpeza e conservación do entorno de espazos públicos, áreas recreativas, rutas turísticas e obras de reparación en xeral. Servizos todos eles prestados directamente por este Concello e que de xeito urxente e inaprazable deben ser prestados aos veciños en niveis óptimos de calidade, sen esquecer que o propio fomento do emprego e desenvolvemento local é por si só un servizo público esencial, que de xeito urxente e inaprazable debe ser abordado habida conta a porcentaxe de desempregados deste Concello.

Os contratos de traballo concertaranse cunha duración determinada de 6 meses, rematando en todo caso o 30 de setembro de 2019 e a xornada completa.

1.2. Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018-Programa Fomento do Emprego, e no non previsto nelas, polo establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto Refundido das